



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLE/2020/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	5 de xuño de 2020
Duración	Desde as 20:03 ata as 22:15 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	SÍ
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	SÍ
***9424**	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	SÍ
***3896**	IRIA VILLAR RODAL	SÍ
***8548**	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
***1907**	LAURA VERDE CURRA	SÍ
***0756**	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
***3512**	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
***1129**	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ



Concello de Cangas

***3018**	Mariano Abalo Costa	SÍ
***3449**	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
***1859**	RAFAEL JIMÉNEZ FERNÁNDEZ	SÍ
***3514**	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
***3439**	ROSA MARY DE LA CAMPA PORTELA	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***3926**	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
***3661**	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas da sesións anteriores realizadas en datas 28 de febreiro e 9 de marzo de 2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

O Pleno da Corporación de Cangas acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, aprobar os borradores das actas do Concello Pleno realizadas os días 28 de febreiro e 9 de marzo de 2020.

Expediente 2219/2020. Proposta da Alcaldía s/aprobación do orzamento 2020

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 14, En contra: 0, Abstencións: 7, Ausentes: 0

Dase conta da proposta da alcaldía de data 02.06.2020, referente á aprobación do orzamento 2020, que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Formado o orzamento deste Concello correspondente ao exercicio económico de 2020, así como as súas bases de execución e cadro de persoal que comprende todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Real decreto legislativo 2/2004, e no artigo 18 do Real decreto 500/1990.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Visto o informe de intervención ao orzamento, e de avaliación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Visto o informe económico financeiro incorporado ao expediente.

Visto que de acordo co artigo 30 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira o Concello deberá aprobar o límite máximo de gasto non financeiro, coherente coa regra de gasto e co obxectivo de estabilidade orzamentaria, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos.

En consonancia co anterior, óptase por aprobar un límite de gasto non financeiro acorde co orzamento a aprobar e a normativa de aplicación.

Así, tómase o gasto computable previsto de acordo cos parámetros relativos ao cálculo da regra de gasto, engadindo os gastos subvencionados por outras administracións e o importe dos gastos do capítulo III, obtendo un límite de gasto non financeiro de catorce millóns novecentos sesenta e sete mil cento cinco euros con setenta e sete céntimos (14.967.105,77 €). Dado que o último límite de gasto non financeiro aprobado ascendía a catorce millóns catrocentos corenta e oito mil cento dez euros con cincuenta e seis céntimos (14.448.110,56 €), por coherencia coa porcentaxe de incremento do gasto aprobado para 2020 polo Consello de ministros (2,9%), a efectos de coherencia coa regra de gasto, determínase o límite de gasto no importe aprobado no anterior orzamento, incrementado nesa porcentaxe. Así, o límite de gasto non financeiro establécese en catorce millóns oitocentos sesenta e sete mil cento cinco euros con setenta e sete céntimos (14.867.105,77 €) para este exercicio 2020.

En consonancia co anterior, presento ao Pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2020, e determinalo na contía de catorce millóns oitocentos sesenta e sete mil cento cinco euros con setenta e sete céntimos (14.867.105,77 €), de acordo co prescrito no artigo 30 e concordantes da Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Segundo.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral para o exercicio 2020, que importa a cantidade dezaseis millóns douscentos corenta e sete mil trescentos dezaioito euros con noventa e catro céntimos (16.247.318,94 €), presentándose equilibrado, de acordo co seguinte resumo por capítulos e por áreas de gasto:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	
1	Gastos de persoal	7.663.507,54
2	Gastos de bens correntes e de servic.	4.708.562,14
3	Gastos financeiros	51.253,21
4	Transferencias correntes	1.399.036,78
5	Fondo de continxencia	0,00
OP.CORR.		13.822.359,67
6	Investimentos reais	1.370.488,44
7	Transferencias de capital	120.300,00
8	Activos financeiros	30.000,00



9	Pasivos financeiros	904.170,83
OP.CAPITAL		2.424.959,27
TOTAL PPTO		16.247.318,94

ÁREA DE GASTO	DENOMINACIÓN	2020
0	Débeda Pública	948.924,04
1	Servicios públicos básicos	4.583.939,15
2	Actuacións de protección e promoción social	2.644.375,56
3	Producción de bens públicos de carácter preferente	2.543.507,40
4	Actuacións de carácter económico	1.357.859,93
9	Actuacións de carácter xeral	4.168.712,86
	TOTAL.....	16.247.318,94

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	5.534.000,00
2	Impostos indirectos	160.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.570.500,00
4	Transferencias correntes	8.770.159,36
5	Ingresos patrimoniais	40.250,00
OP.CORRENT		16.074.909,36
6	Enaxenación de invest.reais	0,00
7	Transferencias de capital	169.409,58
8	Activos financeiros	3.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
OP.CAPITAL		172.409,58
TOTAL PPTO		16.247.318,94

Terceiro.- Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

Cuarto.- Someter dito acordo a información pública previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de 15 días, durante os que os/as interesados/interesadas poderán examinalos e presentar alegacións.

Quinto.- Transcorrido este prazo sen presentación de reclamación ningunha, considérase definitivamente aprobado dito orzamento; de habelas, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas e proceder á aprobación definitiva dos orzamentos".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 01.06.2020



Concello de Cangas

pola Comisión Informativa Única.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 14 (4 concelleiros/concelleiras de ACE, 4 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE e 3 concelleiros/concelleiras do BNG).

Abstencións: 7 (7 concelleiros/concelleiras do PP).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.

Expediente 2152/2020. Proposta da alcaldía s/modificación por derogación parcial da ordenanza fiscal nº 16, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta da proposta da alcaldía de data 14.05.2020, referente á modificación por derogación parcial da ordenanza fiscal nº 16, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

DERROGACIÓN PARCIAL DA ORDENANZA FISCAL Nº 16 REGULADORA DA TAXA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS, DO CONCELLO DE CANGAS

Con data 30 de decembro de 2013 publicouse no Boletín Oficial da Provincia nº 248 a aprobación definitiva da Ordenanza fiscal Nº 16 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

No seu artigo 6 establécese o cadro de tarifas, no que se contempla o cobro, entre outros, dos epígrafes 6.2.6. Certificados de empadramento (3,25 euros); 6.6.3. Dilixencia de compulsa (1,02 euros) e 6.6.4. Fotocopias (0,18 euros).

Todos estes epígrafes do cadro de tarifas da ordenanza, pola súa escasa cuantía, viñanse cobrando en efectivo na caixa da corporación, efectivo que posteriormente se ingresaba nas contas bancarias do Concello por parte do persoal do departamento de tesourería. As cantidades que se cobraron anualmente por cada un dos citados apartados no exercizo 2019 foron: novecentos noventa e cinco euros con vinte e dous céntimos (995,22 €), por certificados de empadramento; tres mil seiscentos cincuenta e tres euros con corenta e un céntimos (3.653,41 €), por compulsas e oitenta e sete euros con catorce céntimos (87,14 €) por fotocopias. O anterior fai un total de catro mil setecentos trinta e cinco euros con setenta e sete céntimos (4.735,77 €).

Debido á situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, a escala nacional e internacional, o Goberno do Estado, ao abeiro do disposto no artigo 4, apartados b) e d), da Lei orgánica 4/1981, de 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, declarou, mediante o Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, o estado de alarma en todo o territorio nacional coa fin de afrontar a crise sanitaria, o cual ten sido prorrogado en catro ocasións, a última con ocasión do Real decreto 514/2020, de 8 de maio.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Unha das medidas de hixiene para a protección da saúde pública que se establecen polas autoridades sanitarias neste contexto é a de evitar, na medida do posible, o uso de diñeiro en efectivo. Véxase por exemplo o establecido no artigo 6.6 da Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do plan para a transición cara unha nova normalidade.

Independientemente do contexto actual, resulta evidente que reducir ou eliminar o manexo de efectivo no Concello é unha medida que en sí mesma redundaría na simplificación de procesos e na seguridade no tratamento dos fondos públicos, sendo polo tanto aconsellable acometela por razóns non só de saúde pública, seguridade e hixiene no traballo, senón tamén para unha máis eficaz e eficiente labor administrativa.

Asemade resulta oportuno, con ocasión da apertura e tramitación deste expediente e por razóns de técnica normativa, eliminar do cadro de tarifas establecido no artigo 6, o epígrafe 6.5. relativo á 'Formalización de contratos administrativos'. O cobro das cantidades podería ir en contra da doutrina establecida polas xuntas consultivas de contratación administrativa na medida en que pode comportar un obstáculo ao acceso das empresas en xeral, e das PEMES en particular, á contratación pública e, polo tanto, constitúe unha medida que non conflúe coas directrices establecidas pola normativa comunitaria nesta materia e asumidas polo noso dereito interno. A cantidade que se cobrou polo citado epígrafe no ano 2019 foi de oitocentos oitenta euros con oitenta e oito euros (880,88 €).

O total de ingresos que se estima se van deixar de percibir anualmente polas distintas derogacións parciais previstas nesta proposta ascenden a cinco mil seiscientos dezaseis euros con sesenta e cinco céntimos (5.616,65 €). De cara a dar cumprimento ao Plan de axuste ao que está sometido o Concello e para compensar esa perda de recursos, propónse a redución do orzamento de gastos pola mesma cuantía na aplicación orzamentaria 911.233 Órganos de goberno. Outras indemnizacións por asistencias, a través da declaración de indisponibilidade de crédito polo citado importe.

Tendo en conta as consideracións anteriores, para favorecer a axilidade na relación dos cidadáns perante o Concello, coa finalidade de eliminar dificultades, reducindo e simplificando os trámites administrativos á vez que se melloran as condicións e seguridade e hixiene no traballo dos traballadores do Concello,

PROPONSE AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL:

PRIMEIRO.- Derrogar parcialmente a Ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos a través da eliminación dos seguintes epígrafes do cadro de tarifas regulado no artigo 6:

- 6.2.6. Certificados de empadramento,
- 6.5. Formalización de contratos administrativos.
- 6.6.3. Dilixencia de compulsa de todo tipo de documentos.
- 6.6.4. Fotocopias.

SEGUNDO.- Publicar a adopción provisional do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación



Concello de Cangas

na provincia, a efectos de sometemento a información pública o expediente por un prazo de 30 días.

En caso de non formularse alegacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

TERCEIRO.- Declarar a indispoñibilidade de crédito por importe de cinco mil seiscientos dezaseis euros con sesenta e cinco céntimos (5.616,65 €) na aplicación orzamentaria 911.233 Órganos de goberno. Outras indemnizacións por asistenciais".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 01.06.2020 pola Comisión Informativa Única.

VOTACIÓN E ACORDO

O Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.



Expediente 2283/2020. Proposta de alcaldía s/aprobación de proxectos e solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan Concellos 2020-Liña 1-investmentos

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 13, Ausentes: 0

Dase conta da proposta da alcaldía de data 26.05.2020, referente á aprobación de proxectos e solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan Concellos 2020 - Liña 1 - investmentos, que é como segue:

"Solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan Concellos 2020-Liña 1-investmentos.

Publicadas no BOPPO nº 1 de data do 02.01.2020 as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2020).

Tendo en conta a comunicación da Deputación da contía total de dito Plan a este Concello e de un millón setenta e sete mil cento sesenta e un euros con sesenta e sete céntimos (1.077.161,67 €), para as tres liñas e a ter en conta ás porcentaxes indicadas nas bases de publicación, liña I: 70,38%, liña II: 7,11% e liña III: 22,51%.

Visto que o Concello está ao corrente coas obrigas coa facenda estatal, autonómica tributarias e coa Seguridade Social.

Visto que o concello non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta as bases da convocatoria e asume o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

Visto que os proxectos redactados para solicitar son servizos de competencia municipal de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da LRBRL, polo que propoño ao Pleno do Concello:

Primeiro.- Aprobar os seguintes proxectos:

Denominación proxecto.	Importe total proxecto €
Técnico redación proxecto.	
<i>Proxecto: Mellora das instalación e accesibilidade na biblioteca do Seixo-Darbo. Cangas.</i>	78.806,70
<i>Técnica redación proxecto: M.I.M.F..</i>	
<i>Proxecto. Actuacións de mellora de infraestruturas e pavimentación en rúa Sínqulis e praciña de Sínqulis-Casco Vello-Cangas.</i>	193.668,72
<i>Técnica redación proxecto: M.I.M.F.</i>	
<i>Pavimentacións vieiros municipais 2020 Concello de Cangas</i>	181.678,17
<i>Técnicos municipais: A.J.L.P. e C.G.C.</i>	



Concello de Cangas

<i>Renovación do pavimento do pavillón O Gatañal- Cangas</i>	<i>149.969,36</i>
<i>Suma</i>	<i>604.122,95</i>

Segundo.- Solicitar un axuda á Deputación de Pontevedra con cargo ao Plan Concellos 2020-liña I, polo importe total de seiscentos catro mil cento vinte e dous euros con noventa e cinco céntimos (604.122,95 €), para a execución dos seguintes proxectos:

Denominación proxecto.	Importe total proxecto €.
Técnico redacción proxecto.	
<i>Proxecto: Mellora das instalación e accesibilidade na biblioteca do Seixo-Darbo. Cangas. Técnica redacción proxecto: M.I.M.F..</i>	<i>78.806,70</i>
<i>Proxecto. Actuacións de mellora de infraestruturas e pavimentación en rúa Sínghulis e praciña de Sínghulis-Casco Vello-Cangas. Técnica redacción proxecto: M.I.M.F..</i>	<i>193.668,72</i>
<i>Pavimentacións vieiros municipais 2020 Concello de Cangas. Técnicos municipais: A.J.L.P.e C.G.C.</i>	<i>181.678,17</i>
<i>Renovación do pavimento do pavillón O Gatañal- Cangas.</i>	<i>149.969,36</i>
<i>Suma</i>	<i>604.122,95</i>

Terceiro.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha axuda ou subvención de entidade pública ou privada para a execución dos proxectos que se van a solicitar.

Cuarto.- Declarar que o concello non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta as bases da convocatoria e asume o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

Quinto.- Declarar que o concello está ao corrente coas obrigas tributarias, coa facenda estatal, autonómica e coa Seguridade Social e autoriza expresamente á Deputación de Pontevedra a obter

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



as certificacións precisas".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 01.06.2020 pola Comisión Informativa Única.

A favor: 8 (4 concelleiros/concelleiras de ACE e 4 concelleiros/concelleiras do PSOE).

Abstencións: 13 (7 concelleiros/concelleiras do PP, 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE e 3 concelleiros/concelleiras do BNG).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.

Expediente 2343/2020. Moción do grupo municipal do BNG s/instar á Xunta de Galicia para abrir investigación na residencia de maiores de Aldán e garantir medidas socio-sanitarias

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 10, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal do BNG de data 27.05.2020, referente a instar á Xunta de Galicia a abrir unha investigación na residencia de maiores de Aldán e garantir as medidas socio-sanitarias, que é como segue:

"As residencias de maiores son o principal foco de risco existente en Galiza durante a pandemia, de facto, máis do 45% dos falecementos por COVID-19 no noso país foron residentes. Durante este tempo, mesmo durante o estado de alarma, a competencia sobre estes centros correspóndelle exclusivamente ao Goberno galego.

Cos datos facilitados, a maior parte das persoas falecidas por coronavirus en Cangas vivían en residencias de maiores, unha proporción desmesurada que responde á falta de contar con medios suficientes de protección, de aplicación de protocolos e de test para detectar as persoas infectadas, que se realizaron con demora e cando o persoal nin sequera podía saber se era ou non transmisor da doenza. De feito, actuaron con falta de previsión e de anticipación, cando se sabía que as residencias poderían ser principais focos de contaxio e non se puxeron todos os recursos dispoñíbeis para evitalo.

A data de hoxe son 26 as persoas falecidas por coronavirus, segundo as informacións oficiais e un número superior, 29 segundo REDE, na Residencia DomusVI de Aldán e rexistráronse máis de 105 usuarias infectadas e 18 persoas traballadoras tamén positivas en COVID-19. Cómpre ter en conta que houbo persoas infectadas que durante o estado de alarma foron trasladadas a hospitais, onde non se ofreceron datos de se eran procedentes desta residencia. De feito, a data do 13 de maio hai aínda usuarios infectados e 9 traballadoras na residencia de Aldán.

Esta situación con 29 mortes e máis de 120 persoas infectadas podería terse evitado se o Goberno da Xunta procedese á intervención inmediata e medicalización total das residencias que presentaron brotes de COVID-19 desde un primeiro momento, mais na Residencia DomusVI, só se actuou cando o propio centro recoñeceu as súas limitacións e carencias tanto en infraestruturas, material de aillamento sanitario e pandémico, métodos de detección e



persoal de servizo; cuestión que familiares de persoas falecidas xa trasladaron á fiscalía para a súa investigación por se os feitos puidesen constituír a comisión de presuntos delitos de homicidio por comisión por omisión dolosa, omisión do deber de socorro e prevaricación administrativa co obxecto de que se proceda á apertura de dilixencias oportunas.

As diferenzas nos contaxios e na xestión da crise do COVID-19 entre aqueles centros de xestión pública directa e as residencias privadas e concertadas, pon en evidencia a necesidade de que a Xunta de Galiza asuma a xestión e dirección dos centros en que se produzan contaxios e que o persoal e persoas usuarias destas instalacións sexan consideradas un colectivo prioritario e vulnerábel.

Para a Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública, existe unha relación entre as deficientes condicións previas das residencias e a incorrecta xestión realizada pola Xunta, co elevado número de persoas afectadas, tanto entre internados/internadas como entre traballadores/traballadoras, que tiveron que afrontar a situación, a pesar da falta de recursos e de equipos de protección adecuados. Esta asociación denuncia tamén que as empresas que xestionan estes centros (moitas delas multinacionais e fondos de investimento), actuaron sen transparencia e sen informar adecuadamente as familias e a poboación, xerando unha grande alarma social.

A toda esta situación hai que sumarlle o previsíbel remate dos contratos das 35 traballadoras contratadas pola Xunta despois da intervención do centro e plantexámonos qué ocurrirá a partir do 30 de maio, data de finalización destes contratos e en qué situación quedará este centro e as súas usuarias e traballadoras.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

** O Concello de Cangas proponlle ao Goberno da Xunta o seguinte:*

- Apertura dunha investigación na residencia de maiores de Aldán que rexistraron falecementos por coronavirus.*
- Cancelación dos concertos de prazas con aquelas empresas e entidades sen ánimo de lucro onde se constatase o incumprimento da normativa legal.*
- Avaliación das infraestruturas dos centros de maiores de carácter privado para determinar as súas posibilidades de medicalización diante de posíbeis rebrotes.*
- Aplicación dun protocolo de atención ás familias, incluíndo un sistema de información estábel, fiábel e diario que continúe despois do estado de alarma sanitaria.*
- Medicalización de forma efectiva das residencias.*
- Garantía de medidas de hospitalización para persoas das residencias que o precisaren.*
- Arbitrase de medidas para axudar as familias que están pagando prazas privadas, agardando por unha pública, que queden sen recursos ou os vexan moi reducidos por esta situación de crise sanitaria.*



Concello de Cangas

- *Elaboración dun plan de nacionalización das residencias de maiores".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 01.06.2020 pola Comisión Informativa Única.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 11 (4 concelleiros/concelleiras de ACE, 4 concelleiros/concelleiras do PSOE e 3 concelleiros/concelleiras do BNG). ±

Abstencións: 10 (7 concelleiros/concelleiras do PP e 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal do BNG transcrita anteriormente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da alcaldía ditadas desde o 27 de xaneiro de 2020 ao 31 de maio de 2020

O Concello Pleno queda informado das resolucións da alcaldía ditadas desde o 27 de xaneiro de 2020 ata o 31 de maio de 2020.

Dación de conta dos informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal

O Concello Pleno queda informado dos informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850